


Autor: **MARISA NÚÑEZ**
Ilustrador: **ÓSCAR VILLÁN**

Encadernado en cartón
32 páxinas a toda cor. 22x22 cm.
Dispoñible en:

- Galego: "A cebra Camila". Demademora
ISBN 978-84-8464-126-1
- Castelán: "La cebra Camila". Libros para Soñar
ISBN 978-84-95123-60-2
- Catalán: "La zebra Camil·la". Kalandraka
ISBN 978-84-8464-003-5
- Portugués: "A zebra Camila". Livros para Sonhar
ISBN 978-972-878-102-6

Prezo: 13 €

**Alá no cabo do mundo,
no país onde o vento dá a volta,
vivía unha pequena cebra chamada Camila.
Como naquel lugar o vento era tan revirado,
Camila tiña que andar con moito coidado
para non perder as súas vestiduras...**



A CEBRA CAMILA

...Un día, ao saír da casa, o vento bandido levoulle sete raias do seu vestido. Unha araña, unha serpe, o arco da vella e unha chicharra, entre outros animais do bosque, axudarán a Camila a esquecer a súa pena. As ilustracións de Óscar Villán son sinxelas e expresivas, adornadas de chiscadelas dispostas para que os pequenos lectores busquen máis aló da aparente simplicidade.

"A Cebra Camila" ofrécenos unha particular visión do paso da nenez a unha certa conciencia do tempo, ao descubrimento do mundo e dos problemas que conleva. O texto, de estrutura encadeada, utiliza os recursos propios dos contos tradicionais: xogos de preguntas e respostas, rimas e reiteracións, apoiándose nun ton suxerente e poético.

MARISA NÚÑEZ (Sarría, 1961)

Traballa hai anos como profesora de Educación Infantil no Colexio de Hío, Cangas. É escritora e especialista en animación á lectura.

- **Temática:** animais, números e cores
- **Idade recomendada:** a partir de 4 anos
- **Aspectos destacables:** ilustracións sinxelas e expresivas
- **Aplicacións:** para contar, sumar e restar cos primeiros números, o crecemento, os sentimentos

ÓSCAR VILLÁN (Ourense, 1972)

Licenciado en Belas Artes, na especialidade de pintura. Colaborou co Departamento de Educación do Centro Galego de Arte Contemporánea no desenvolvemento do "Programa de Introducción á Arte Contemporánea". Co seu primeiro traballo de ilustración para o público infantil, titulado "O coelliño branco", editado por KALANDRAKA, recibiu o Premio Nacional de Ilustración 1999. Esta obra foi incluída polo Banco do Libro de Venezuela no catálogo dos Mellores Libros para Nenos no ano 2000. Ademais de "A cebra Camila", tamén publicou en KALANDRAKA outros títulos como "A mora" e a colección "Do berce á lúa" dirixida a pre-lectores. Colaborou con outras editoriais como SM, Alfaguara ou Xerais.

